


# Xesús Rábade Paredes crea unha lenda histórica para Caldaloba

**Publicamos o novo libro do poeta e narrador, obra que recibiu en 2018 o PRIMEIRO PREMIO do Iº CERTAME DE POESÍA TORRE DE CALDALOBA que convoca o Concello de Cospeito.**

FICHA TÉCNICA: 56 pp . 14 x 21 cms.  
ISBN 978-84-16460-67-0 PVP: 9,50 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, OUTONO DE 2019.- Na histórica e hoxe moi esquecida Torre de Caldaloba (Cospeito, Lugo), resistiu ás tropas castelás, ata a súa morte, a filla do mariscal Pardo de Cela, Constanza de Castro. Sobre este feito e lugar, o poeta, narrador e ensaísta Xesús Rábade Paredes (Seixas-Cospeito, 1949) crea unha lenda histórica, CALDALOBA EN TERRAS DE VALVERDE (Alvarellos Editora) recoñecida o pasado decembro co 1º Premio na primeira edición do Certame de Poesía Torre de Caldaloba, que convoca o Concello de Cospeito. O xurado destacou “a súa imaxinación, a riqueza do contido histórico e antropolóxico, e o xeito de enfiar un corpus poético onde pasado e presente conflúen arredor do símbolo que representa a Torre de Caldaloba”.



XESÚS RÁBADE PAREDES (Seixas-Cospeito, 1949) é poeta, narrador, ensaísta e tradutor de dilatada traxectoria. Iniciouse moi novo na creación, sendo alumno no Instituto de Lugo. Membro da promoción poética de 1968 e antologado en *Os novísimos da poesía galega* (1974), en 1977 subscribe o manifesto de renovación Cravo fondo. Obtivo, entre outros, os premios Manuel Antonio, Galicia, Esquíu e González Garcés. Entre a súa obra poética última destaca *Sobre ruínas*, (Alvarellos Editora) premio da Asociación Galega de Editoras ao Mellor Libro de Poesía do ano, Premio Fervenzas Literarias 2013 ao mellor libro de poesía e libro de poesía finalista nos Premios da AELG. De 2018 é *Memoria do corpo* (Galaxia), Mellor Libro de Poesía do ano na Gala do Libro Galego. En 2019 prepara as súas memorias.

**Contacto co autor: [xrabadeparedes@gmail.com](mailto:xrabadeparedes@gmail.com) - 680 76 84 97**

